

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 25 de setembro de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións anteriores, extraordinaria número 8/2020 de 9 de setembro e ordinaria número 9/2020, de 11 de setembro
2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 5 de setembro de 2020 ata o 18 de setembro de 2020

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

4. Aprobación da modificación dos seguintes Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares: - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais. - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento aberto (con unico criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais
5. Aprobación da modificación do texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2020
6. Aprobación da rectificación anual do Inventario da Deputación Provincial da Coruña.
7. Ratificación do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Arzobispado de Santiago de Compostela para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña e a achega provincial

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

8. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto "Conservación e restauración do parque histórico o Pasatempo de Betanzos - Fase I"

9. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excm. Deputación da Coruña e o concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras da fase I-Proxecto básico e de execución e rehabilitación do edificio "Casa das máquinas"

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

10. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2020.

11. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a agosto de 2020 e proxección a 31/12/2020.

12. Aprobación do convenio marco entre a Deputación Provincial da Coruña e as comunidades de usuarios de augas da provincia para a encomenda da xestión recadatoria dos seus ingresos de dereito público.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

13. Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Carballo para financiar o proxecto "Deseño e creación dun espazo colaborativo no Concello de Carballo", dentro do PEL EMPRENDE 2018

14. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para cofinanciar o Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: Para unha transición ecolóxica.

15. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2020"

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Moción centros educativos.

Moción instando á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias para garantir o desenvolvemento dun curso académico presencial, seguro e de calidade

ROGOS E PREGUNTAS